

# CONCURSO FOTOGRÁFICO: Que bonita é a miña horta!

## BASES DO CONCURSO:

### 1. Quen pode participar?

Calquera persoa maior de idade residente en Galicia, excepto os membros do xurado.

### 2. Temática:

Pódense presentar fotografías de hortas situadas en Galicia. As hortas poden ser de calquera dimensión, poden ser hortas pequenas (de casa) ou hortas grandes (nunha finca), particulares ou comunitarias. As hortas poden estar feita de calquera xeito: en bancais, na terra ou en contedores.

### 3. Que fai falta presentar?

Unha **fotografía** que mostre unha horta situada en Galicia. As fotografías teñen que presentarse en formato JPG e unha resolución mínima de 1024x1024 píxeles. Pódense enviar un máximo de dúas fotografías por participante. As fotografías poden mostrar a horta enteira ou algún elemento particular da horta.

Para participar é preciso cubrir o seguinte formulario de inscrición:

<https://forms.gle/pRXZ5MxdJN26mDmF8>

Ademais cada foto debe enviarse por correo electrónico a **info@amigosdaterra.net**

Asunto do correo: “Concurso fotográfico de hortas” xunto co Título da foto

### 4. Prazo de presentación:

O concurso empeza o mércores 1 de xuño e remata o luns 20 de xuño de 2022. Os participantes do concurso poden enviala súa fotografía antes do luns 20 de xuño de 2022.

## **5. Premio**

Entregarase un único premio consistente nunha cesta de produtos ecolóxicos valorada en 100€.

## **6. Selección das obras e xurado**

O xurado estará integrado por socias e activistas de Amigas da Terra e por persoas con experiencia en hortas.

A notificación do resultado do concurso realizarase a través da propia páxina web e das redes sociais de Amigos da Terra nun máximo de 5 días trala data de finalización do concurso. Ademais, Amigos da Terra poñerase en contacto directo coa persoa ganadora a través do mail ou teléfono proporcionado por elas mesma.

## **7. Dereitos**

Ao participar no concurso, outorgase a Amigas da Terra o dereito de difundir as fotografías nos seus materiais, páxina web e redes sociais.

A fotografía ganadora xunto cunha selección das mellores presentadas publicaranse nas redes sociais de Amigas da Terra ao finalizar o concurso, facendo mención a súa autoría.

## **8. Compromisos**

Ao participar no concurso, cada participante acepta todas as condicións anteriores e comprométese a seguilas.